

Corrección dun erro material na Resolución do 4 de abril de 2025 pola que se convoca o concurso ordinario para a provisión de 22 postos de traballo vacantes, correspondentes ao persoal funcionario técnico, de xestión e de administración e servizos

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia das persoas interesadas os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Advertido un erro na resolución do 4 de abril de 2025, antes citada e publicada na Sede Electrónica da Universidade da Coruña o día 7 de abril de 2025, cómpre efectuar a seguinte corrección ortográfica na páxina 6 da resolución:

Onde di:

Ao abeiro do disposto no artigo primeiro do Real decreto 255/2006, polo que se modifica o Real decreto 364/1995 e o Real decreto 365/1995, engadiráselle á puntuación obtida por antigüidade (por enriba dos 20 puntos).

Debe dicir:

Ao abeiro do disposto no artigo primeiro do Real decreto 255/2006, polo que se modifica o Real decreto 364/1995 e o Real decreto 365/1995, engadiráselle á puntuación obtida por antigüidade (por enriba dos 18 puntos).

Esta corrección non reabre o prazo de presentación de solicitudes.

A Coruña, asinado dixitalmente

O reitor

P.D A Xerenta. (Resolución do 10.7.2024)

María Jesús Grela Barreiro